



**CONCELLO DE
PONTEVEDRA**

DIRECCIÓN XERAL DA ÁREA DE URBANISMO E SERVIZOS XERAIS
OFICINA TÉCNICA DE REHABILITACIÓN
PLC/PRA

CONCELLO DE PONTEVEDRA

ANUNCIO DAS AXUDAS CONCEDIDAS POLA REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS NO EIDO DA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL (ARI) DO NÚCLEO DE ESTRIBELA

Por Decretos do Concelleiro Delegado da Área de Contratación e Facenda, prestábase aprobación definitiva a axudas da ARI do núcleo de Estribela, en Pontevedra, e aos correspondentes gastos ordenando os seus pagos a favor dos solicitantes de subvencións para a rehabilitación de edificios dentro da ARI de Estribela.

Asemade, dispoñíase que unha vez rematada a tramitación dos expedientes de solicitude de subvención, procederíase a publicar unha relación das axudas concedidas no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, na sede electrónica <https://sede.pontevedra.gal>, e no BOP ao abeiro do que establece o artigo 28 das Bases que as regulan (BOP núm. 245, de 21/12/15).

En virtude do exposto faise pública a concesión de subvencións aos seguintes interesados:

EXPEDIENTE	NOME	OBXECTO	IMPOTE DA SUBVENCIÓN
P-AR-0099/16	Wanda Lis Zinna Cavallaro	Axuda concedida na ARI de Estribela	332,93 €
P-AR-0100/16	CP Laxes, 1	Axuda concedida na ARI de Estribela	1.850,52 €
P-AR-0106/16	CP Avelino Montero Ríos, 120	Axuda concedida na ARI de Estribela	953,66 €
P-AR-0101/16	CP Marqués de Valterra, 61	Axuda concedida na ARI de Estribela	4564,17 €

RECURSOS PROCEDENTES:

Contra o presente acto, que pon fin á vía administrativa, o interesado poderá interpoñer o RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado competente desta orde de Pontevedra, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación (arts 46 e 14 da Lei 29/1998). Non obstante, potestativamente, poderá interpoñerse o recurso de REPOSICIÓN ante o órgano que o ditou, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa notificación (art. 124 da Lei 39/2015). Isto sen prexuízo de interpoñer calquera outro recurso que estime e sexa conforme a Dereito.

O recurso de reposición deberase resolver e notificar no prazo dun mes, entendéndose desestimado polo transcurso de dito prazo sen resolución expresa e notificada (arts 124 e 24.2 da Lei 39/2015). Neste caso poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses contados desde o día seguinte a aquel no que deba entenderse presuntamente desestimado (art. 46.1 e 4 da Lei 29/1998).

Asinado por: JOSE CARLOS CASTIÑEIRA PIÑEIRO 1
Servizo: SECRETARÍA DA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL
Cargo: SECRETARIO
Data: 23/01/2018

Asinado por: ANABEL GULIAS TORREIRO
Cargo: CONCELLEIRA
Data: 23/01/2018
Este documento foi asinado electrónicamente conforme á lexislación de sinatura electrónica



Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: <https://sede.pontevedra.gal> introducindo o seguinte código seguro de verificación:4XD7IDQEDI0VBRV3

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: <https://sede.pontevedra.gal> introducindo o seguinte código seguro de verificación:IC6Q5DZE527V7VW6